

Estimada familia:

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pon en marcha un estudo piloto para a realización das futuras probas de avaliación de diagnóstico en formato dixital en liña. A avaliación de diagnóstico é unha avaliación do sistema educativo establecida a nivel estatal pola Lei Orgánica de Educación. Tal como indica a Consellería, este estudo piloto forma parte da avaliación de diagnóstico do curso 2025-2026.

Este centro educativo foi seleccionado pola Consellería para formar parte da mostra do estudo entre os centros que imparten en Galicia Educación Secundaria Obrigatoria. Durante a próxima semana, entre o 25 e o 27 de febreiro, o alumnado de 3.º curso de ESO colaborará con este estudo realizando unhas probas de avaliación en formato dixital en liña acompañados do seu profesorado habitual.

Para simplificar o estudo e distorsionar o menos posible a vida do centro o alumnado simulará só unha xornada dunha avaliación de diagnóstico real realizando exactamente as mesmas probas que se realizaron o primeiro día da avaliación de diagnóstico de 2.º de ESO do curso pasado: Competencia en Comunicación Lingüística en Lingua Galega e Literatura e en Lingua Castelá e Literatura, pero, desta vez, nun formato diferente: dixital e en liña. Non realizarán ningún tipo de cuestionario de contexto.

O obxectivo fundamental do estudo piloto é a análise do novo formato e as ferramentas de soporte (neste caso, as mesmas que se empregan en estudos internacionais como PISA) en comparación co formato en papel empregado durante o curso pasado. Ao tratarse de probas repetidas e coñecidas polo profesorado e o alumnado do centro, as respostas do alumnado non serán tidas en conta, xa que non é ese un dos obxectivos deste estudo.

A opinión de todos os actores que participan neste estudo é de gran valor. Ao remate do estudo piloto solicitaráselle a alumnado e profesorado a súa valiosa opinión en relación co novo formato proposto, sempre en comparación co empregado durante o curso pasado.

Moitas grazas de antemán pola súa colaboración

Reciba un cordial saúdo.

Vilalba a 21 de febreiro de 2025

A directora, María del Socorro Trillo Leis

